

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO "A IGUALDADE GLOBAL NO CENTRO DO PODER LOCAL"

REUNIDOS

Dunha parte, Diego Calvo Pouso, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

E doutra, Juan Antonio González Pérez, na súa calidade de presidente do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, asociación sen ánimo de lucro, legalmente constituída e inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma co número 2004/007565-1, e que intervén neste acto por conta e en representación da devandita asociación no exercicio das facultades que ten atribuídas segundo o artigo 22 dos seus Estatutos.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación para a sinatura do presente convenio e, a estes efectos,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Xunta de Galicia, de acordo co exercicio das súas competencias e funcións en materia de cooperación exterior, debe incentivar a participación social e cívica nas accións de cooperación ao desenvolvemento mediante a realización ou financiamento de campañas de concienciación e sensibilización a favor dos pobos máis desfavorecidos, así como fortalecer o tecido galego de axentes de cooperación para o desenvolvemento.

Segundo.- Que o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade (en diante, Fondo Galego) é unha entidade plural que agrupa a cento vinte concellos e ás Deputacións da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra (124 administracións locais socias), comprometidos coa cooperación para o desenvolvemento en Galicia e cos terceiros países, e que persegue impulsar un maior compromiso de cooperación ao desenvolvemento e a Axenda 2030 das entidades locais, nun marco máis estable e permanente. O Fondo Galego constitúese no ano 1997, produto da vontade integradora, desde unha dimensión galega, das políticas de cooperación ao desenvolvemento no ámbito da Cooperación oficial descentralizada, neste caso desde a Administración local galega. Desde o ano 2000 a Xunta de Galicia, a través do centro directivo con competencias en materia de cooperación ao desenvolvemento, vén



traballando co Fondo Galego en numerosos proxectos de cooperación, tanto no ámbito da sensibilización e educación da poboación galega como en proxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior.

Terceiro.- Que o Fondo Galego ten por obxecto fundamental configurar un instrumento legal que permita a confluencia e a asociación das vontades libremente expresadas polos seus asociados para desenvolver unha eficaz política de cooperación e de solidariedade dos cidadáns e cidadás dos concellos e provincias de Galicia cos pobos empobrecidos.

Cuarto.- Que o presente ano 2026 o Fondo Galego pretende levar a cabo o proxecto “A igualdade global no centro do poder local” que encaixa coas Liñas Estratéxicas 2024-2027, principalmente co Obxectivo 3: Formar ao corpo político e técnico municipal en diferentes temas da cooperación ao desenvolvemento e ODS, co Obxectivo 4: Fomentar as alianzas estratéxicas, e co Obxectivo 5: Sensibilizar sobre temas de solidariedade, Dereitos Humanos e ODS ás administracións locais galegas.

Quinto.- A Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia establece, como ámbitos de actuación preferente da Cooperación Galega, a educación para a cidadanía global que comprende as actuacións que promoven na sociedade a conciencia de interdependencia global e a responsabilidade compartida a través dun proceso educativo orientado á transformación social e que fomenta a sensibilización solidaria, a concienciación crítica e a mobilización activa da cidadanía na erradicación da pobreza, a defensa dos dereitos humanos, a promoción da cultura da paz e o compromiso coa xustiza social, e o desenvolvemento humano sustentable a nivel local e global. Amais do anterior, as actuacións da Cooperación Galega deberán integrar prioridades transversais como a erradicación da pobreza multidimensional, a igualdade de xénero, a defensa da sustentabilidade ambiental e a loita contra o cambio climático, o enfoque baseado en dereitos humanos, o respecto polas diversidades e a promoción da interculturalidade, a equidade e loita contra as desigualdades, a participación cidadá e o fortalecemento institucional e da sociedade civil.

Sexto.- Que á Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, dependente da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes segundo o Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, é órgano superior da Administración autonómica da cooperación para o desenvolvemento e correspóndelle a execución da actividade europea e da actividade exterior da Xunta de Galicia e, en particular, o impulso da acción de cooperación ao desenvolvemento e que, como tal, considera axeitado e conveniente contribuír ao fortalecemento do Fondo Galego en canto organismo de referencia da Cooperación Galega, non soamente para os axentes implicados na cooperación senón tamén para



outros movementos sociais da nosa Comunidade Autónoma, apoiando e incentivando as iniciativas dos concellos e deputacións provinciais que agrupa no ámbito da cooperación ao desenvolvemento, en especial nas áreas de sensibilización e concienciación da sociedade galega.

A singularidade deste proxecto vén determinada polas accións de fortalecemento da propia organización e as accións de sensibilización e concienciación que proxecta levar a cabo no ano 2026, dando continuidade ás liñas de traballo iniciadas nos anos anteriores, e o establecemento de accións que involucren ás administracións locais galegas na consecución da Axenda 2030 e dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentables (ODS).

A especificidade das actividades obxecto do proxecto, que son de claro interese público e inciden directamente no ámbito da cidadanía en xeral, a natureza da entidade solicitante, creada co apoio da Federación Galega de Municipios e Provincias e da Administración autonómica, e que actúa de canle coordinadora da actuación por parte do municipalismo galego neste ámbito da cooperación, así como a utilidade que a posta en marcha deste proxecto significa para a cooperación en todo o ámbito xeográfico da Comunidade Autónoma de Galicia, xustifican que a axuda solicitada se tramite por medio dunha concesión directa a través da formalización dun convenio de colaboración.

Sétimo.- Que por isto acordan asinar o presente documento que se desenvolverá de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Fondo Galego no proxecto denominado "A igualdade global no centro do poder local".

O proxecto ten como obxectivo promover a cooperación municipalista no ámbito dos dereitos de participación política das mulleres, garantindo a igualdade de oportunidades para o acceso, o exercicio e o fortalecemento do seu liderado.

SEGUNDA.- Obrigas do Fondo Galego

O Fondo Galego deberá:

1. Executar o proxecto referido na cláusula primeira.



2. Aportar 3.761,69€ como achega propia e 31.370,00€ como achega doutros financiadores para a execución do proxecto.
3. Destinar os fondos percibidos para financiar esa actuación.
4. Consentir expresamente a publicación da axuda concedida no Diario Oficial de Galicia, na páxina web oficial e nos rexistros públicos, consonte co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 e no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. De acordo co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Fondo Galego comprométese a dar axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actuacións obxecto do convenio, ao cumprimento de todas as condicións e obrigas recollidas neste convenio, e ao sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas no mesmo, así como as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.
6. Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas.
7. Conservar todos os comprobantes de gasto durante un período de 4 anos, coa excepción dos casos suficientemente xustificadas e autorizados pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE.
8. Xustificar, mediante declaración asinada e previamente ao cobro de calquera dos pagos da subvención, estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social española e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, nin ser debedor por resolución de procedencia de reintegro. A entidade, conforme co establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, autoriza ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban remitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.
9. Velar porque tanto os restantes partícipes como a cidadanía con ela relacionada teñan coñecemento do financiamento desembolsado pola Xunta de Galicia e do apoio desta á acción.
10. Solicitar autorización previa e expresa para calquera modificación substancial do proxecto, entendendo por tal aquela que afecte aos seus obxectivos, resultados, persoas beneficiarias, lugar e prazo de execución ou xustificación. As solicitudes de modificacións substanciais do convenio deberán estar suficientemente



motivadas e ser formuladas por escrito dirixido ao director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, que resolverá e notificará no prazo dun mes sobre a súa autorización ou denegación.

TERCEIRA.- Obrigas da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, do custo total do proxecto que se estima en noventa e cinco mil cento trinta e un euros con sesenta e nove céntimos (95.131,69 €), aboará ao Fondo Galego a contía máxima de sesenta mil euros (60.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.07.331A.481.2 do orzamento vixente para o ano 2026. Esta cantidade representa o 63,07% orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio.

O Fondo Galego poderá recorrer a terceiras fontes ou a diversos patrocinadores externos, previa comunicación á Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, pero en calquera caso todo incremento nos custos de execución será a risco e ventura da entidade, quen asumirá os custos asociados aos proxectos derivados da supervisión técnica, para dar fiel cumprimento aos obxectivos do proxecto.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio coa Xunta de Galicia, de tal maneira que por este concepto non se poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.

CUARTA.- Pagos anticipados

Tras a sinatura do presente convenio e previa petición do Fondo Galego, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, tendo en conta o carácter sen ánimo de lucro da entidade e a non dispoñibilidade doutras fontes de financiamento que permitan iniciar as actividades, concederá un anticipo pola contía máxima da subvención concedida, de acordo co previsto no artigo 94.3.a) da Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, para afrontar os pagos inmediatos que conleve a execución deste proxecto.

Coa solicitude do anticipo deberá presentar:

- Declaración do conxunto das axudas recibidas doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin, de acordo co establecido nos artigos 11 letra d) da citada Lei 9/2007 e 22 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social española e non ter pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, nin ser



debedora por resolución de procedencia de reintegro de acordo co establecido no artigo 10.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

QUINTA.- Xustificación do proxecto

A xustificación da execución do proxecto efectuarase por parte do Fondo Galego nun prazo máximo de tres meses, a contar desde a finalización das actividades programadas, de conformidade co establecido no artigo 94.3 d) da Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, e con data límite do 31 de marzo de 2027.

A xustificación final da realización das actividades subvencionadas e da consecución dos obxectivos previstos revestirá a modalidade de conta xustificativa con entrega de xustificantes de gasto, de conformidade co establecido nos artigos 28 da Lei 9/2007 e 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A entidade beneficiaria deberá presentar un informe que constará de dúas partes:

1ª parte: xustificación técnica, que incluírá:

- Un informe final sobre os obxectivos, as actividades realizadas e os resultados obtidos, acompañado pola Táboa de medición dos Indicadores de Rendición de Contas (IRC).
- Certificación acreditativa do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención e da aplicación dos fondos á finalidade destinada, expedida polo órgano competente do Fondo Galego.

2ª parte: xustificación económica, que incluírá:

- Certificación de gastos do proxecto por partidas orzamentarias e na que se indique as distintas fontes de financiamento, expedida polo órgano competente do Fondo Galego.
- Declaración do conxunto das axudas recibidas doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin, de acordo co establecido nos artigos 11 letra d) da citada Lei 9/2007 e 22 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Relación de todos os gastos efectuados con identificación da data, número da factura ou do documento xustificativo, identificación do emisor das mesmas, descrición do gasto, importe en euros e a data e forma de pago dos mesmos.
- Facturas ou outros documentos xustificativos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no apartado anterior.



Os fondos faranse chegar por transferencia bancaria á conta corrente que o Fondo Galego indique, mediante a presentación da certificación na que conste a súa titularidade, non asumindo a Xunta de Galicia os gastos bancarios que se derivasen desta actuación.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión das subvencións, e, en todo caso, a obtención concorrente de axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Esta subvención será compatible con calquera outra procedente doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados para a mesma finalidade, sempre que o importe total das mesmas non supere o custo total do proxecto subvencionado.

Os rendementos financeiros que fosen xerados polos fondos librados aos beneficiarios incrementarán o importe da subvención concedida e aplicaranse igualmente ás actividades subvencionadas.

Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. Con carácter previo á realización da copia, é obrigatoria a impresión dun selo-dilixencia en todos os documentos orixinais (facturas, recibos ou outros) de gastos. Nela debe figurar «Convenio financiado pola XUNTA DE GALICIA», ano do financiamento, título abreviado do proxecto e a porcentaxe de financiamento que lle imputa a cada financiador. No suposto de documentos de gasto nos que resulte imposible a impresión de tal selo-dilixencia, como consecuencia do seu tamaño, acompañaranse cunha relación dos mesmos en que se faga constar a mencionada dilixencia.

Con carácter excepcional, nos supostos debidamente xustificadas e motivados poderase aceptar a xustificación do pago en efectivo para importes inferiores a 1.000 €, acompañando xustificante do cobro do proveedor, conforme establece o artigo 42.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. Para gastos iguais ou superiores a 1.000 € non poderán aceptarse pagos en efectivo, nin a través de cheque.

SEXTA.- Facultades de inspección

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través dos seus servizos técnicos, resérvase a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere



necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.

SÉTIMA.- Publicidade

O Fondo Galego obrígase a incorporar de forma visible en todas as accións derivadas das actividades subvencionadas (placas, letreiros, carteis, publicacións, material de difusión, publicidade e outros medios análogos) o logotipo oficial da Cooperación Galega, todo iso en formato duradeiro e material resistente para a debida difusión da orixe da subvención. Cando a organización financiada exhiba o seu propio logotipo, o da Cooperación Galega deberá figurar co mesmo tamaño e con iguais condicións de seguridade. O logotipo se poderá descargar da páxina web da Cooperación Galega <https://cooperacion.xunta.gal/>.

OITAVA.- Seguimento do convenio

Para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio, constituirase unha Comisión Mixta, integrada por unha persoa representante da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, designada pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, que a presidirá e a que se lle atribúe o voto dirimente; unha persoa representante do Fondo Galego que actuará en calidade de secretaria.

A Comisión Mixta ditará a súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir cando o solicite algunha das partes.

As súas funcións serán:

- Interpretación do convenio.
- Intervención previa á resolución por incumprimento.
- Estudar as posibles modificacións do convenio propostas polas partes que se formalizarán a través das correspondentes addendas.
- Calquera outra relacionada co desenvolvemento do presente convenio.

NOVENA.- Causas de resolución

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Pola aplicación dos fondos para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- c) Polo transcurso do tempo fixado sen que se execute o investimento obxecto da subvención.



- d) Pola renuncia dalgunha das partes.
- e) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio
- f) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

De resolverse o convenio, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes poderá, no seu caso, esixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMA.- Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2026. Sen prexuízo do anterior, poderanse incluír as actuacións iniciadas desde o mes de xaneiro de 2026, conforme ao establecido nos artigos 2, apartado 1.b), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 2.2.b do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

UNDÉCIMA.- Natureza do convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas no prazo dun mes, previo informe ou proposta da comisión de seguimento, pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa, nos termos establecidos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

DUODÉCIMA.- Portal da Transparencia

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

DÉCIMO TERCEIRA.- Reintegro por incumprimento



Se a entidade beneficiaria incorrese en falsidade ou ocultación de datos ou non acreditase, total ou parcialmente, o bo fin das cantidades percibidas, deberá proceder ao reintegro da totalidade destas en caso de incumprimento pleno, ou da parte proporcional en caso dunha falta parcial de xustificación, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades administrativas e penais que procedan.

Así mesmo, a entidade beneficiaria deberá reintegrar a subvención nos demais supostos previstos na normativa de aplicación.

DÉCIMO CUARTA. - Devolución voluntaria da subvención

De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, con anterioridade ao requirimento previo da Administración, a entidade beneficiaria poderá realizar con carácter voluntario a devolución do importe da axuda obxecto de reintegro.

Esta devolución efectuarase mediante ingreso na conta operativa do Tesouro da Xunta de Galicia que corresponda, de acordo co previsto no artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e a disposición adicional terceira da Lei 1/2023, do 20 de febreiro, de Cooperación para o Desenvolvemento Sostible e a Solidariedade Global.

A entidade beneficiaria deberá presentar, ante o órgano concedente, copia xustificativa da devolución voluntaria realizada na que conste a data do ingreso, o seu importe e o número do expediente e denominación da subvención concedida.

DÉCIMO QUINTA.- Modificación do convenio

O presente convenio poderá ser modificado por mutuo acordo das partes a través da subscripción da correspondente addenda modificadora, que deberá ser subscrita polas mesmas autoridades que asinan este convenio.

DÉCIMO SEXTA. – Protección de datos

As partes comprométense a cumprir co disposto no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo ás persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.



Os datos persoais proporcionados polas partes para a sinatura do presente convenio incluíranse nos respectivos ficheiros, cuxa titularidade corresponde a cada unha das partes. Os devanditos datos persoais serán unicamente tratados co fin de posibilitar a execución do presente convenio. Os datos persoais dos asinantes deste convenio, necesarios para a sinatura do presente convenio poderán ser obxecto de publicación pola normativa de transparencia e cedidos a favor dun terceiro sempre que iso sexa necesario para a debida execución ou xestión do obxecto deste convenio.

No caso de que unha das partes tivese que xestionar datos por conta doutra das partes deberá subscribirse, previamente, un contrato de Encargado de Tratamento, en calquera caso, devanditos datos non poderán ser utilizados para finalidades diferentes ás indicadas no convenio. Neste caso a transgresión do deber de confidencialidade, así como da obrigaición de non utilizar indebidamente e de non ceder a terceiros de datos de carácter persoal, por calquera das partes ou de calquera dos seus empregados ou colaboradores, será xusta causa de resolución ou rescisión do contrato de encargado de tratamento se así o considera oportuno a outra parte, podendo ser resarcida por calquera dano ou prexuízo causado pola parte incumpridora. Formalizado o contrato de encargado de tratamento entre partes deste convenio non se poderá subcontratar cun terceiro a realización dos compromisos obxecto do presente convenio, cando esta poida implicar o tratamento de datos persoais titularidade da outra parte, agás consentimento escrito.

As partes garantirán os dereitos das persoas afectadas e adoptarán cantas medidas de seguridade, de índole técnica e organizativa, sexan necesarias para evitar a alteración ou perda dos datos persoais, así como o acceso non autorizado aos mesmos.

O titular dos datos persoais poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, oposición, supresión, limitación do tratamento e portabilidade, respecto do tratamento do que cada parte é respectivamente responsable, dirixíndose por escrito indicando "Protección de datos" e acreditando a súa identidade, nas seguintes direccións: Para a Xunta de Galicia <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos> e para o Fondo Galego na Rúa Varsovia, 4C - 6º andar (Área Central), CP 15703, Santiago de Compostela (A Coruña), ou info@fondogalego.gal, comprometéndose en calquera caso cada parte para comunicar á outra as rectificacións ou supresións que procedan respecto dos datos persoais cedidos.

As partes non cederán a terceiros os datos persoais agás que a lei así o estableza. Así mesmo, os afectados serán informados de que, se consideran que non se trataron os seus datos persoais de acordo coa normativa de protección de datos, poden contactar coas seguintes direccións: Para a Xunta de Galicia: <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos> e para o Fondo Galego en



info@fondogalego.gal. Igualmente, poderán presentar unha reclamación ou solicitude relacionada coa protección dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

DÉCIMO SÉTIMA.- Normativa aplicable

O presente convenio rexeráse polo disposto na Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, no Decreto 29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026 e demais normativa que sexa de aplicación.

E, en proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase electronicamente polas partes na data indicada.

POLA XUNTA DE GALICIA
O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES

POLO FONDO GALEGO DE
COOPERACIÓN E
SOLIDARIEDADE
O PRESIDENTE

Diego Calvo Pouso

Juan Antonio González Pérez



ANEXO

OBJECTIVOS, ACTIVIDADES A DESENVOLVER E FINANCIAMENTO

1.- OBJECTIVOS E ACTIVIDADES A DESENVOLVER

Obxectivo específico: Fortalecer o liderado das mulleres na política local De Cabo Verde, Galicia e Mozambique mediante a creación e consolidación de espazos de participación que fomenten o intercambio de experiencias, a fraternidade e a colaboración entre as mulleres, así como a promoción e implementación de políticas públicas municipais con enfoque de xénero

RESULTADO 1.1: Crear un espazo para a aprendizaxe, a formación e o intercambio de experiencias entre mulleres líderes municipais dos tres países, fomentando a sororidade e buscando solucións a desafíos compartidos.

ACTIVIDADE 1.1.1: II ENCONTRO INTERNACIONAL DE MULLERES ELECTAS 'AS ELIXIDAS'

RESULTADO 1.2: Impulsar a Rede Galega de Mulleres Electas Municipais, co asesoramento das Redes de Mulleres Electas Municipais de Mozambique e Cabo Verde.

ACTIVIDADE 1.2.1: XESTIÓN DO PROCESO DE CONSTITUCIÓN DA REDE GALEGA DE MULLERES ELECTAS MUNICIPAIS.

ACTIVIDADE 1.2.2: INTERCAMBIOS TÉCNICOS EN LIÑA ENTRE A COMISIÓN INSTALADORA DAREDES DE ELECTAS LOCAIS DE GALICIA E AS REDES DE ELECTAS LOCAIS DE CABO VERDE E MOZAMBIQUE.

RESULTADO 1.3: Promover políticas públicas locais con perspectiva de xénero a través da formación en liña.

ACTIVIDADE 1.3.1: FORMACIÓN ON LINE SOBRE POLÍTICAS PÚBLICAS LOCAIS CON ENFOQUE DE XÉNERO

2.- RESUMO FINANCIAMENTO

Partidas orzamentarias	Xunta de Galicia	Fondo Galego	Outras Achegas Públicas
Actividade de educación para o desenvolvemento	23.375,66 €	3.761,69 €	17.114,56 €
Persoal	17.745,32 €	0,00 €	6.260,44 €
Axudas de custo, gastos desprazamento	17.882,02 €	0,00 €	7.995,00 €
Comisións bancarias	997,00 €	0,00 €	0,00 € €
TOTAIS	60.000,00 €	3.761,69 €	31.370,00 €
ORZAMENTO TOTAL	95.131,69 €		

